Diario de Ferrol

Margarita Ledo | “Quería entrar en tempos nos que a desigualdade e a discriminación manifestábanse no campo afectivo ”



Eva Mazás Arnoso

06/08/2024 [data de descarga: 04/02/2026]



Que condena a de ser muller que sendo principio de todo á vez fumos donas de nada. Quitáronnos ata o dereiro más básico, o querer.

O adulterio ou o abandono de fogar eran "delitos específicos de mulleres" durante a ditadura. Porque si, porque debiamos ser sumisas, estar caladas.

Ela, con máis valor que mil exércitos, decidiu que non. Que non se ía resignar a unha vida que non quería, non merecía e non era quen de vivir. Ela é unha muller de Maniños que ao mesmo tempo foron tantas mulleres no mundo. Ela miroulle aos ollos ao medo e botoulle un pulso.

Ela é a protagonista de Prefiro condernarme, un filme de Margarita Ledo Andión, con guión de Eva Veiga e producido por Nós, Productora Cinematográfica Galega.

Ela está nun avión con destino Locarno, ao Festival Internacional da cidade, como un dos seis proxectos nacionais elixidos nesta edición.

Prefiro condenarme é un dos films seleccionados na categoría First Look do Festival de Locarno. Este é un paso ao futuro para os proxectos que aínda están en post produción, que teñen a oportunidade de atopar financiación ou recursos de produción que os fagan exquisitos na gran pantalla. Pero non só iso, Ledo Andión tamén pon en relevancia "o gran paso adiante que supón a nivel de proxeción internacional", mais tamen "o compromiso que supón estar nun festival de renome mundial".

Cando abriu a convocatoria elas estaban en pleno proceso creativo e, de primeiras, non tiñan pensado ser parte, mais a vida –igual que o cine– son decisións e a última hora presentaron o resumo, as biografías e un corte de máis de 60 minutos, e agora, marchan para Suiza, do 9 ao 11 de agosto.

Ledo e Veiga levan casi 15 anos traballando xuntas, primeiro a guionista foi protagonista das películas de Ledo e agora é a súa compañeira na retaguardia dunha historia sen precedentes.

A muller que leva ás costas a proposta, vai un paso máis alá facendo memoria, e adica o film a unha fenesa, a unha historia real que "escoitou nunha conversa de

casualidade". A historia dunha muller que "é mariscadora e, en tempos de ditadura, é vítima de maltrato e se enfrenta á situación con acción, co propio raño de coller ameixa", explica Ledo. Iso foi o que lle quedou e, por diferentes azares, puido coñecela de primeira man. Cando chegou a falar coa protagonista da historia non sabía se ía ter unha reciprocidade, se ía ter o beneplácito para levar unha vida á gran pantalla, mais a resposta foi un si rotundo e inmediato.

"Vin nela, nese corpo arquivo, toda unha complexidade de entrar en tempos nos que a de-sigualdade e a discriminación manifestábanse tamén no campo afectivo. Un non tiña o dereito de querer a quen elixía.", explica a cineasta, "esto pareceume, obviamente algo tan xeneral, un dereito tan básico como é querer e que te queiran, que había que entrar por aí".

Cando comezaron a traballar buscaron a fidelidade e xogaron con vantaxe, xa que Eva Veiga é eumesa, cualidade innata que a converteu nunha axuda esencial. Esto tradúcese nunha obra que respecta a lenguaxe da zona, ao igual que os espazos que van ser recoñecibles para todos os locais. Os enclaves elixidos son unha peza clave neste puzzle audiovisual. "Á película márcana os lugares onde sucederon as cousas pero tamén aqueles nos que, a nivel simbólico, representan determinadas accións."

A este vivencia hai que sumarlle que atoparon arquivos persoais da época na que está baseado o filme e que son completamente inéditos. "Hay unha recuperación patrimonial de imaxes de toda a zona, sobre todo de Maniños, Pontedeume e Ferrol", comenta Lago que usou estes recursos durante a gravación.

Prefiro condenarme pode ser o título dunha biografía, pero tamén unha condea crítica para aqueles que un día non deixaban nin amar.

Unha oda englobada na séptima arte, para todas aquelas ás que a historia lles roubou un dereito tan básico como o cariño. Un agradecemento para as que se plantaron. Unha advertencia do importante que é recordar.